

ANÁLISE DO DISCURSO

Titulación: Filoloxía Hispánica		Curso ou ciclo: 2º curso	Cuadrimestre: 1º
Créditos: 6	Carácter: OBR	Lingua na que se imparte: Español e galego.	
Área de coñecemento: Lingüística Xeral			
Departamento: Tradución e Lingüística			
<p>Créditos LRU: 6 Adaptación a créditos ECTS: 6 (=156 horas de traballo do alumno)</p> <p>A) Horas presenciais: 45+10 Teóricas na aula: 20 Prácticas na aula: 13 Titorías: 12 [Controles parciais: 10]</p> <p>B) Horas non presenciais: 101 Realización das lecturas: 76 Actividades prácticas (a: dúbidas razonadas sobre as lecturas; b: exercicios): 25</p> <p><u>Horas totais (presenciais + non presenciais): 156</u></p>			
Profesorado:			
Xoán Paulo Rodríguez Yáñez			Despacho(s): C57
Teléfono(s): 986 81 23 58		Correo(s)-e : xoanp@uvigo.es	
Obxectivos e destrezas			
<p>Obxectivos:</p> <p>1º Familiarizar á/ó alumna/-o cos problemas teóricos, e mais cos procedementos metodolóxicos e analíticos do conxunto das ciencias do discurso.</p> <p>2º En particular, búscase afacer á/ó alumna/-o ó estudo dos usos orais e escritos das linguas, en calquera das súas manifestacións.</p> <p>3º Quérese espertar nas/nos alumnas/-os a capacidade de observación e reflexión sobre o seu contorno discursivo (escrito ou oral) cotián, en especial en relación coa fala ordinaria, os medios de comunicación, a publicidade, os mecanismos discursivos de control do poder e de manipulación das ideas, e mais a comunicación intercultural.</p> <p>Destrezas buscadas:</p> <p>1º Posuír uns coñecementos teóricos compensados sobre os contidos-base da materia.</p> <p>2º Ser quen de sintetizar as lecturas obrigatorias, diferenciando os contidos esenciais dos secundarios.</p> <p>3º Ser quen de plantexar dúbidas coherentes respecto das lecturas.</p> <p>4º Ser quen de resolver exercicios prácticos de carácter básico e mais de reflexionar sobre os fenómenos plantexados.</p>			

TEMARIO

1. Fundamentos pragmáticos da análise do discurso. Os procesos interpretativos.
2. Discurso oral e discurso escrito.
3. Contexto e procedementos contextualizadores.
4. As voces no discurso.
5. A cortesía e a modalización.

Periodización

1ª FASE: do 24 de setembro ó 19 de outubro (4 semanas)

A) Traballo presencial:

Teoría e prácticas na aula: Tema 1.

Titorías obrigatorias: 2 tandas, a 1ª na quincena do 24 set. ó 5 outubro; a 2ª na quincena do 8 ó 19 outubro.

1º Control parcial (teórico-práctico): xoves 18 outubro.

B) Traballo non presencial:

Realización lectura dos Caps. 7, 2 e 3 do libro obrigatorio (a razón de 1 Cap. semanal).

Actividades prácticas: plantexamento por escrito das dúbidas da lectura (para a 1ª titoría, do Cap. 7; para a 2ª titoría dos Caps. 2 e 3) e resolución das mesmas en titorías; resolución dos exercicios desta fase.

2ª FASE: do 22 outubro ó 16 novembro (4 semanas)

A) Traballo presencial:

Teoría e prácticas na aula: Tema 2.

Titorías obrigatorias: 2 tandas, a 1ª na quincena do 22 outubro ó 2 novembro; a 2ª na quincena do 5 ó 16 novembro.

2º Control parcial (teórico-práctico): xoves 15 novembro.

B) Traballo non presencial:

Lecturas dos Caps. 4, 5 e 6 do libro (a razón de 1 Cap. semanal).

Actividades prácticas: entrega por escrito das dúbidas da lectura (en 2 tandas: a 1ª sobre os Caps. 4 e 5, a 2ª sobre o Cap. 6, e asociadas a cadansúa titoría obrigatoria) e resolución das mesmas en titorías; resolución dos exercicios.

3ª FASE: do 19 novembro ó 21 decembro (5 semanas)

A) Traballo presencial:

Teoría e prácticas na aula: Temas 3 e 4.

Titorías obrigatorias: 2 tandas, a 1ª na quincena do 19 ó 30 novembro; a 2ª no periodo do 3 ó 21 decembro.

3º Control parcial (teórico-práctico): xoves 13 decembro.

B) Traballo non presencial:

Lecturas dos Caps. 8, 9 e 10 do libro (a razón de 1 Cap. /semana).

Actividades prácticas: as mesmas ca nas fases precedentes, pero correspondentes ás lecturas e exercicios desta fase.

4ª FASE: do 8 ó 25 de xaneiro de 2008 (3 semanas)

A) Traballo presencial:

Teoría e prácticas na aula: Tema 5.

Titorías obrigatorias: 1 tanda.

4º e último Control parcial (teórico-práctico): xoves 24 de xaneiro.

B) Traballo non presencial:

Lecturas dos Cap. 11 e Apéndice do libro.

Actividades prácticas: as mesmas ca nas fases precedentes, pero correspondentes ás lecturas e exercicios desta fase.

O exame final de febreiro de 2008 (ver calendario oficial de exames da Facultade) resérvase para aqueles alumnos que non teñan seguido o sistema ECTS.

Horario docente

Mércores 13-15 h.

Xoves 11-13 h.

(Confírmense nos horarios oficiais da Facultade)

Horario de titorías

Martes: 11-12, 14-19

[Confírmense co profesor a comezos do curso]

Bibliografía indispensable

**Helena Calsamiglia Blancafort & Amparo Tusón Valls (1999). Las cosas del decir. Manual de análisis del discurso. Barcelona: Ariel. [Libro de lectura obrigatoria]
L. Cortés Rodríguez & M^a M. Camacho Adarve (2003). ¿Qué es el análisis del discurso? Barcelona: Octaedro.
M^a V. Escandell Vidal (2005). La comunicación. Madrid: Gredos.

Metodoloxía (forma na que se desenvolve a docencia)

6 créditos (26 horas traballo alumno por crédito), distribuídos en:

A) Horas presenciais: 45+10=55

 Teóricas na aula: 20

 Prácticas na aula: 13

 Titorías: 12

 [Controles parciais: 10]

B) Horas non presenciais: 101

Realización das lecturas: 76

Actividades prácticas (a: dúbidas razonadas sobre as lecturas; b: exercicios): 25

Horas totais (presenciais + non presenciais): 156

Plantexamento xeral.

Respecto do curso anterior, neste curso óptase por unha redución no número de actividades do alumno, pero cun incremento do control por parte do profesor do traballo individual de cada alumno.

A redución nas actividades do alumno tradúcese nun incremento moi substancial das súas lecturas (calculadas en 76 horas de traballo) e do control das mesmas por parte do profesor a través dun sistema de listaxes de dúbidas razonadas que están ligadas ás titorías obrigatorias quincenais.

Clases teóricas e prácticas: a efectos da avaliación dos alumnos ECTS, a asistencia a clases considérase obrigatoria. Tamén se considera moi importante para unha correcta asimilación dos contidos do curso.

Levarase un control case diario da asistencia, mediante as sinaturas correspondentes.

A actitude do alumno nas clases debe ser activa; isto atingue tanto á realización dos exercicios prácticos (que deberán traer feitos da casa para ser expostos en clase), como ás preguntas e dúbidas (tanto en relación co explicado nas clases como coas lecturas).

Coa finalidade de que os alumnos dispoñan de máis tempo real para adicarillo á lectura, non se impartirán a totalidade das horas inicialmente previstas nos horarios oficiais da facultade (4 h./semana), senón só 2/3 das mesmas. É responsabilidade do alumno adicar tamén esas horas (entre outras) á lectura e ó traballo da asignatura.

Contidos do Temario: fornecerase un guión exhaustivo dos contidos teóricos para cada un dos temas, contidos que han ser explicados nas clases.

Na clase non han ser explicados a totalidade dos contidos do libro de lectura, senón só unha pequena parte dos mesmos: xa que logo, o alumno deberá plantexar (por escrito) as dúbidas que lle vaian suscitando os Caps. lidos.

Lecturas obrigatorias: é de lectura obrigatoria a totalidade do libro seguinte (11 Caps. + Apéndice, 386 páxinas):

Helena Calsamiglia Blancafort & Amparo Tusón Valls (1999). Las cosas del decir. Manual de análisis del discurso. Barcelona: Ariel.

Titorías: o número de veces mínimo que cada alumno deberá pasar por titorías (sempre coa tanda correspondente de dúbidas de lectura, segundo a fase do curso de que se trate) é de 7 veces. O profesor levará un control estricto desta parte das responsabilidades do alumno.

Haberá un total de 4 controles (teóricos e prácticos), escritos, a razón de 1 para cada unha das 4 fases en que se dividimos o curso. As datas dos controles indícanse no apartado de "Periodización" do traballo.

Os contidos serán os do Tema ou Temas desenvolto na clase nese periodo, e mais haberá unha tanda de cuestións breves relativas ós Caps. de lectura correspondentes a esa fase. O nivel de comprensión que se esixirá será moito máis elevado para o caso dos Temas explicados na clase que para os Caps. de lectura non explicados.

Os alumnos recibirán fotocopia corrixida de cada un dos controles escritos.

Actividades prácticas: antes de cada unha das titorías previstas (que son un total de 7: véxase Periodización) cada alumno deberá entregar por escrito (mecnografadas) a listaxe de dúbidas razoables que lle plantexan os Caps. de lectura correspondentes a esa quincena. Esa listaxe entregárase ben na clase ben no despacho, especificando o nome e apelidos, nome da asignatura e os Caps. que abrangue. Uns días despois, o alumno acudirá a titorías coa súa copia destas dúbidas, para seren resoltas polo profesor.

Canto ós exercicios prácticos, serán resoltos na casa e corrixidos na clase.

Facultade de Filoloxía e Traducción: Programas docentes 2007-2008

Procedementos de avaliación

A asistencia a clases é obrigatoria para os alumnos que sigan o sistema ECTS. O profesor poderá decidir se un alumno non asistente habitual a clases pode ou non seguir o devandito sistema.

Para os alumnos que non sigan o sistema ECTS, os contidos que serán obxecto de exame nas convocatorias oficiais da facultade son os expostos no Temario arriba mencionado (tanto nos seus contidos teóricos como prácticos, e mais das lecturas consideradas obrigatorias para cada un dos temas), ademais do libro de lectura obrigatoria sinalado.

Avaliación para os alumnos ECTS:

Cada alumno recibirá 4 notas parciais, a razón de 1 por cada un dos 4 periodos nos que dividimos o curso: deste xeito terá un índice mensual da valoración que vai merecendo o conxunto do seu traballo.

Cada un destes índices mensuais hase compor dos seguintes ítems:

Asistencia e participación real nas clases (preguntas, resolución dos exercicios, debate, etc.): 20% da nota

Controles parciais: 40% da nota

Lectura do libro e control da mesma (isto é, elaboración das dúbidas, consulta das mesmas + titorías): 40%

(Total: 100%)

A nota final resultará do promedio dos 4 índices mensuais.

Sinatura do profesor responsable

Xoán Paulo Rodríguez Yáñez